



ACTA Nº 2019/8  
SESIÓN PLENARIA MÉRCORES 26 DE XUÑO DE 2019

**ACTA Nº 2019/8**

**SESIÓN EXTRAORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN**

**MÉRCORES 26 DE XUÑO DE 2019 -**



## ACTA Nº 2019/8

Asistentes:

**PRESIDE:**

FERNANDO PEREZ FERNANDEZ

**ASISTEN:**

BNG

ALVARO XESUS GARCIA FREIRE

PP

JOSE DAVID PINTOR PAZO

OSCAR VAZQUEZ CORRAL

JOSE EMILIO MAHIA NEIRA

JESUS GOMEZ GARCIA

MARIA DEL CARMEN TORREIRO

COTOS

**AUSENCIAS:**

BNG

MARTA GARCIA SANCHEZ

**SECRETARIO:**

JOSE ANTONIO COTOS SEOANEAFONSO

BIEITO LORENZO PENELA

### ACTA DA EXTRAORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DESTE CONCELLO NA SALA DE SESIÓNS O MÉRCORES 26 DE XUÑO DE 2019

Na casa do concello de Vilasantar, sendo as 13:03 horas, baixo presidencia do señor alcalde, reúnen os concelleiros e concelleiras que se indican co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, sesión Extraordinaria do Pleno da Corporación. Hai dous cidadáns presentes en calidade de público.

Aberta a sesión de orde do Sr. presidente, este indica que a sesión vai ser gravada.

En consecuencia, a referencia horaria do

inicio de tratamento dos distintos puntos referirase ao tempo da gravadora.

A continuación pasouse ao estudio da orde do día, adoptándose sobre os asuntos contidos na mesma os seguintes acordos:

Constátase a presenza de membros deste órgano en quórum suficiente, polo que o alcalde, como Presidente, declara aberta a sesión. Procédese a tratar os asuntos incluídos na

### ORDE DO DÍA:

- 1.- Aprobación, no seu caso, do borrador da acta da sesión anterior.
- 2.- Réxime de sesións
- 3.- Comisións informativas
- 4.- Nomeamento de representantes do concello



5.- Decreto de nomeamento de tenentes de alcalde

6.- Decreto de creación e composición da Xunta de Goberno Local e de Delegacións na mesma

7.- Proposta do alcalde sobre cargos con dedicación exclusiva e indemnización e dietas concelleiros e grupos políticos.

8.- Composición dos grupos municipais.

### **1.- Aprobación de actas anteriores** (00' 00")

Por unanimidade dos asistentes acórdase deixar pendente a aprobación do borrador da acta anterior por non a ter recibido a totalidade dos concelleiros.

### **2.- Réxime de sesións** (00' 50")

A continuación o Sr. alcalde realiza a seguinte proposta:

*- Que as sesións ordinarias deste concello se celebren con carácter bimensual, fixándose os segundos xoves de cada mes par, a non ser que por causa motivada non se poda realizar, avisando nada máis se saiba que non se pode celebrar aos membros da corporación, explicando a causa. Nese caso convocarase para o xoves seguinte. O horario será ás trece (13) horas.*

Engade para explicar a proposta que a lei estatal permite celebrar os plenos cada tres meses, pero que neste concello sempre se celebraron cada dous meses e consideramos razoábel que se siga así.

Finalmente indica que na lexislatura anterior o equipo de goberno cometeu varios fallos, non avisando con tempo ou non explicando as causas das non convocatorias en casos en que se adiou a convocatoria para o xoves seguinte, comprometéndose a que non suceda a mesmo nesta nova lexislatura.

A continuación toma a palabra o concelleiro do BNG, Álvaro García Freire, que propón un cambio na proposta no sentido de que quede como un único día de celebración (o segundo xoves de cada mes). En caso de non se poder celebrar ese día, e avisando con tempo, fálase co outro grupo (BNG) e escóllese outro día de común acordo. A proposta e aceptada polo alcalde.

A continuación procédese á votación da proposta, que finalmente queda redactada do seguinte xeito:

*-Que as sesións ordinarias deste concello se celebren con carácter bimensual, fixándose os segundos xoves de cada mes par. O horario será ás trece (13) horas.*



Sometido a votación a proposta é aprobada por unanimidade dos asistentes.

A continuación o alcalde explica as dificultades de realizar a convocatoria por correo ordinario aos poucos concelleiros que aínda non a reciben por medios electrónicos (por correo electrónico neste momento) preguntándolle ao portavoz do BNG (Xa foi elixido José Antonio Cotos Seoane segundo se dará conta no punto 8 deste pleno) a súa opinión, contestando este que xa llo dirá, pois na casa ten problemas coa internet, preguntándolle o alcalde se tamén os ten co móbil, pois o correo tamén se pode ler aí, contestando de novo José Antonio Cotos Seoane que xa llo dirá.

### **3.- Comisións informativas** (06' 50'')

A continuación o Sr. alcalde realiza a seguinte proposta:

*-En virtude do establecido no artigo 127 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, propónse ao pleno a creación da Comisión especial de contas segundo autoriza o artigo 127 do RD 2568/1986 mencionado.*

*Igualmente propón que sexa presidida polo alcalde e que estea formada, ademais, por 2 concelleiros do PP e 1 do BNG, de xeito análogo a como estaba constituída actualmente.*

Concedida a palabra ao portavoz do BNG, José Antonio Cotos Seoane, non ten nada que dicir sobre a proposta.

Sometido a votación a proposta é aprobada por unanimidade.

### **4.-Nomeamento de representantes do concello** (07' 40'')

A continuación o Sr. alcalde realiza a seguinte proposta:

*-Propoño o nomeamento dos seguintes representantes deste concello nos órganos que se dirán:*

*-Para o consello escolar: María del Carmen Torreiro Cotos, concelleira*

*-Para o GDR23: Fernando Pérez Fernández, alcalde do concello.*

O alcalde, Fernando Pérez Fernández, aclara que hai un pequeno erro, pois GDR 23 é a denominación anterior, actualmente os GDR reformuláronse e o noso (Ulla, Tambre, Mandeo) é o GDR21.



Concedida a palabra ao portavoz do BNG, José Antonio Cotos Seoane, non ten nada que dicir sobre a proposta.

Sometidas as propostas a votación son aprobadas por 6 votos a favor (PP) e 2 abstencións (BNG).

### **5.- Decreto de nomeamento de tenentes de alcalde (08' 35"')**

A continuación o alcalde procede á lectura do decreto de nomeamento de tenentes de alcalde, que se reproduce no fundamental a continuación:

*Fernando Pérez Fernández, con DNI. 32.806.179-Z, alcalde-presidente do Concello de Vilasantar, sendo venres 21-06-2019, en presenza do secretario deste concello emito a seguinte resolución:*

1) Nomear aos seguintes tenentes de alcalde, pola mesma orde en que se relaciona:

1.- María del Carmen Torreiro Cotos

2.- Oscar Vázquez Corral

3.- David Pintor Pazo

*Notificar persoalmente a resolución aos designados que, salvo manifestación expresa, considerarase aceptada tacitamente.*

*Remitir a resolución ao Boletín Oficial da Provincia para a súa publicación no mesmo, sen prexuízo da súa efectividade desde o día seguinte ao da sinatura desta resolución, e, así mesmo, publicar no taboleiro de edictos deste concello.*

Leído o decreto o pleno do concello toma coñecemento do seu contido

### **6.- Decreto de delegacións na Xunta de goberno local (09' 30"').**

A continuación o alcalde procede á lectura do Decreto de Constitución e delegacións na Xunta de goberno local, que se reproduce a continuación:

*Fernando Pérez Fernández, con DNI. 32.806.179-Z, alcalde-presidente do Concello de Vilasantar, sendo o día 21-06-2019, en presenza do secretario deste concello emito a seguinte resolución:*

*Vistos os artigos 35 e 52 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais neste concello, por telo acordado así o pleno do concello, acordo:*



1) *Que os membros da Xunta de goberno local deste concello serán:*

*Fernando Pérez Fernández, alcalde*

*1.- María del Carmen Torreiro Cotos, 1º tenente de alcalde*

*2.- Oscar Vázquez Corral, 2ª tenente de alcalde*

*3.- David Pintor Pazo, 3º tenente de alcalde*

2) *Que a periodicidade das sesións da Xunta de goberno local será cada 14 días.*

3) *Delegar na xunta de goberno local as seguintes atribucións das que se establecen no apartado 3 do artigo 21 da lei 7/1985 do 2 de abril reguladora das bases de réxime local, na súa actual redacción dada pola lei 11/1999, do 21 de abril (BOE do 22 de abril):*

*As sinaladas no artigo 23.1 da lei citada,. letras f, h, j, n, o, q. s.*

4) *Propoñer ao pleno do concello a delegación na Xunta de goberno local da totalidade das atribucións fixadas no artigo 22.4 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, que son a totalidade das súas funcións agás as enunciadas no parágrafo 2 , alíneas a), b), c), d), f), g), h), i), l) e p) e no parágrafo 3 do mencionado artigo 22 da Lei 7/1985.*

*Mándao e asina o sr. alcalde, Fernando Pérez Fernández, en Vilasantar, na data arriba mencionada do que como secretario, dou fe.*

O alcalde do concello, Fernando Pérez Fernández, informa de que as delegacións que se propoñen, tanto da alcaldía como do pleno, son as mesmas que as da corporación anterior

O concelleiro do BNG, Álvaro García Freire di que a proposta quíttalle potestades ao pleno polo que van votar en contra, contestando o alcalde que o seu grupo entende que non á así pois nestes catro anos levamos ao pleno os asuntos máis fundamentais

Sometida a votación a proposta de delegacións do pleno na xunta de goberno local é aprobada por seis votos a favor (PP) e dous en contra (BNG).

## **7.-Proposta do alcalde sobre cargos con dedicación exclusiva** **(12' 50")**

A continuación o Sr. alcalde realiza a seguinte proposta:

*-Pola alcaldía propónse determinar que o cargo de Alcalde realice as súas funcións en réxime de dedicación exclusiva, cunha retribución total bruta de 36.500,00*



euros/anuais, a pagar en catorce pagas, que representa unha paga líquida de 1.957,00 euros/mes. A corporación farase cargo das cotas empresariais á seguridade social que correspondan.

*Publicar no BOP o presente acordo a efectos de xeral coñecemento dada a súa transcendencia*

*Propoñer a fixación dos seguintes retribucións ou asignacións a órganos colexiados: 70 euros por asistencia a Plenos, Comisión de contas e Xunta de goberno local e asignación a grupos políticos, 500 euros por grupo e 100 euros por concelleiro da corporación.*

O alcalde le a proposta anterior, lembrando que xa no primeiro pleno da lexislatura anterior dixeran que tiña pensado realizar naquela lexislatura unha suba do seu soldo, eliminando as dietas, e incrementar tamén a cantidade asignada por asistencia a órganos colexiados, se ben todo se mantivo igual durante eses catro anos.

Agora propoño que o alcalde pase a cobrar as cantidades que se din, e deixaría de cobrar as dietas por desprazamentos e comidas que vén pasando cada mes. Igualmente propón as retribucións por asistencia a sesións e a asignación a grupos municipais que se din.

O secretario interventor advirte que o orzamento está prorrogado neste momento polo que as subas serían efectivas coa aprobación do novo orzamento ou da modificación orzamentaria que fose mester.

O portavoz do BNG, José Manuel Cotos Seoane, manifesta que lle parece un aumento moi considerábel de soldo, que se acaban de subir os impostos e o primeiro que fai a corporación é subir o soldo do alcalde ata case chegar ao tope do que pode cobrar, engadindo que isto debería de telo levado no programa electoral. Remata aclarando que na proposta non está incluída a seguridade social a cargo do concello e que así pasaría a case cincuenta mil euros

Contesta o alcalde, Fernando Pérez Fernández que o tope para os concellos da categoría de Vilasantar non son 39.000 euros senón 42.000 euros, orixinándose unha breve discusión con José A. Cotos sobre cal é a cantidade correcta.

En contestación ao consello sobre a campaña electoral alude a que lle parece que sería o mesmo que se el aconsellase sobre as obras realizadas polo portavoz do BNG na igrexa de Vilasantar. Que este pleno son as primeiras medidas que se toman porque é un pleno que xa vén fixado, non pode tomar outras medidas ata ter realizado este pleno de organización. Engade que el non se subiría ata o tope como dixo o portavoz do BNG, o que provoca outra breve discusión.

A continuación toma a palabra por unha segunda vez o portavoz do BNG José A. Cotos Seoane para concretar que le a igrexa de Vilasantar foi unicamente a traballar desinteresadamente, sendo alleo a tramitación administrativa da obra, orixinándose



novamente unha breve discusión co alcalde e que non entende a que vén sacar isto neste debate.

Contesta o alcalde Fernando Pérez Fernández que incide no tema das obras na igrexa entendendo que o feito de colaborar desinteresadamente non lle exime de ter que coñecer a normativa, iniciándose unha nova discusión sobre a ver que ten máis mala hostia, o que os dous piden que conste en acta.

Intervén a continuación o concelleiro do BNG Álvaro García Freire indicando que a suba do soldo é do 25% e preguntando aos compañeiros do alcalde se lles parece normal esa suba, contestando o alcalde que xa se falara deste suba no primeiro pleno da lexislatura anterior e que a suba leva aparelhada a medida de non pasar dietas por desprazamentos nin comidas.

Sometida a proposta á votación é aprobada na súa totalidade por 6 votos a favor (PP) e 2 en contra (BNG).

## **8.- Constitución dos grupos municipais** (26' 20')

A continuación o sr alcalde dá conta de que, dentro do prazo legal, presentáronse escritos de constitución dos grupos municipais seguintes:

Grupo municipal do Partido Popular (PP), constituído por D. Fernando Pérez Fernández, D. Oscar Vázquez Corral, D. José David Pintor Paz, D<sup>a</sup>. María del Carmen Torreiro Cotos, D. Jesús Gómez García e D. José Emilio Mahía Neira. Designan como portavoz do Grupo a Fernando Pérez Fernández.

Grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego (BNG), constituído por D. José Antonio Cotos Seoane, D<sup>a</sup>. Marta García Sánchez e D Álvaro García Freire. Designan como portavoz do Grupo a José Antonio Cotos Seoane

Sendo as 13h e 30 minutos e transcorridos 26' 51" dende o inicio e non habendo máis asuntos que tratar, por orde da Presidencia, levántase a sesión, da que se estende a presente acta, da que eu dou fe.

Vilasantar, venres 5 de xullo de 2019

O secretario, Afonso Bieito Lorenzo Penela

Visto e praxe, O alcalde, Fernando Pérez Fernández